



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO "SAN CLEMENTE"
C/. San Clemente, s/n. • 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos 981 58 04 96 - 981 58 03 66 • Fax 981 57 21 90
e.mail:ies.sanclemente@edu.xunta.es
www.iessanclemente.com



PROGRAMACIÓN XERAL

CURSO 2011-12

ÍNDICE

O CENTRO	3
ENSINANZAS PRESENCIAIS	3
ENSINANZAS SEMIPRESENCIAIS E A DISTANCIA	3
AULA MENTOR	3
ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN	3
Órganos Unipersoais	3
<i>Equipo Directivo</i>	3
Órganos Colexiados	4
<i>Consello Escolar</i>	4
<i>Comisión Económica</i>	4
<i>Claustro de Profesores</i>	5
<i>Comisión de Coordinación Pedagóxica</i>	6
<i>Cámara de Delegados/as</i>	6
I. PLAN XERAL CURSO 2011/2012	7
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	7
MEDIDAS A DESENVOLVER	8
RECURSOS PREVISTOS	9
Recursos Humanos	9
Recursos Materiais	9
<i>Instalacións</i>	10
Recursos Económicos	10
II. HORARIO XERAL DO IES	10
III. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	11
PRIMEIRO TRIMESTRE	11
SEGUNDO TRIMESTRE	11
TERCEIRO TRIMESTRE	12
IV. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS EUROPEOS	12
Programa ERASMUS	12
Programa COMENIUS	12
V. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	13
FORMACIÓN NO CENTRO	13
FORMACIÓN FORA DO CENTRO	13
ANEXOS	16
I. PROXECTO LECTOR E DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA	17
II. PLAN DE CONVIVENCIA	24
III. PROXECTO LINGÜÍSTICO	27
IV. PLAN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	30
V. PLAN DE FORMACIÓN EN CENTRO DE TRABAJO	41
VI. PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN	45
VII. PLAN DE IGUALDADE	58
VIII. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS T.I.C.	62

O CENTRO

O IES San Clemente ven funcionando como centro educativo dende 1953. Na actualidade oferta as ensinanzas seguintes:

PRESENCIAL

Ciclos formativos de Administracións de Sistemas Informáticos en Rede (na modalidade ordinaria e modular), Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma e Web (na modalidade ordinaria e modular), e Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes. A actual matrícula é de 305 alumnos e alumnas.

SEMI-PRESENCIAL E A DISTANCIA

- Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, no que están matriculados 121 alumnos e alumnas.
- Bacharelato para persoas adultas nas modalidades semipresencial a distancia e telemático. A matrícula continúa aberta. Na actualidade están matriculados 2.124 alumnos e alumnas.
- ESA nas modalidades semipresencial a distancia e telemática. A matrícula segue aberta ao longo do curso, e neste primeiro cuadrimestre o número de alumnos e alumnas matriculados ascende a 1.003.

AULA MENTOR

- A matrícula destas ensinanzas permanece aberta durante todo o curso. Na actualidade o número de matriculados ascende a 79.

ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

Órganos Unipersoais:

Equipo Directivo:

Directora

Carmen Viñas Álvarez

Vicedirector

Rafael Vázquez Gancedo

Secretario

José Feáns Landeira

Xefes de Estudos

Manuel Nimo Vázquez e Pedro Alonso da Silva

Órganos Colexiados:

Consello Escolar, integrado polos seguintes membros:

Presidenta:

Carmen Viñas Álvarez

Secretario:

José Feáns Landeira

Xefes de Estudos:

Pedro Alonso Da Silva

Manuel Nimo Vázquez

Representantes do profesorado:

Elena Burque Torreira

Carlos Carrión Álvarez

Guillermina Domínguez Touriño

Mercedes González González

Javier Porto Bouzas

Antonio Ricoy Riego

Representantes de Pais/Nais do alumnado:

Sen representación

Representante do alumnado:

M^a Teresa Balo Martínez

Javier Rodríguez García

Alejandro Ruíz Carreras

Representante do persoal non docente:

Trinidad López Rodríguez

Representante do Concello:

María Castelao Torres

Comisión Económica:

Directora: Carmen Viñas Álvarez

Secretario: José Feáns Landeira

Representante profesorado: Carlos Carrión Álvarez

Representante pais/nais: Sen representación

Representante alumnado: Javier Rodríguez García

Claustro de Profesores:

Abalde González, María Teresa
Alonso Da Silva, Pedro
Amor Carreró, María José
Anca Tardáguila, Susana
Arribi Vilela, Jesús
Blanco Calvo, José Manuel
Burque Torreira, Elena
Campos Suárez, José
Carrión Álvarez, Carlos
Díaz Rifón, María Dolores
Domínguez Touriño, Guillermina
Feáns Landeira, José
Fernández Otero, Mario
Fernández Torres, Mercedes
Gamallo Gómez, Carmen
García Gómez, Dolores
Gay Pérez, Teresa
Gerveno Martín, Luís
Gómez Vázquez, Emiliano
Gómez Vidal, Gustavo
González Borrajo, María Pilar
González González, Mercedes
González Iglesias, Rosa
González Nóvoa, Ana
González Posa, César
González Ucha, José Luís
Juíz Río, Sandra María
Labraña Barrero, Antón
Lois Salgado, Benjamín
Lozano Barreiro, José
Martínez Feijoo, Carlos
Méndez Martínez, Margarita
Morillo Fernández, Juan

Nimo Vázquez, Manuel
Novoa López, Tomás de
Otero Trillo, Ramón
Paradela Rodríguez, Rafael
París Brandaríz, Cristina
Paulos Lareo, Josefa
Paz Patiño, Luisa María
Pereira Cordido, José Manuel
Pereira Loira, Eva
Pérez Gómez, Catalina
Pérez Ruibal, Mercedes
Picallo Ferreiro, Elisa
Pintos Recarey, Manuel Ignacio
Porto Bouzas, Javier
Puentes Vázquez, Lucía
Ricoy Riego, Ana Isabel
Ricoy Riego, Antonio
Rivera Parga, Pilar de
Rosendo Domínguez, Fernando
Seoane López, Cristina
Taboada Arjona, José Luís
Taboada Fernández-Cid, Leonor
Torrente Rodríguez, Manuel
Valiño Cajaraville, Julia
Varela Díaz, Ramón
Vázquez Gancedo, Rafael
Veiga Cid, Rafael
Vence Ruibal, Marcos
Vidal Laxe, Sira
Vieites Rodríguez, Manuel
Villamil Vázquez, Jesús
Villa Martínez, Jorge
Viñas Álvarez, Carmen

Comisión de Coordinación Pedagóxica:

Directora
Xefe de estudos Ensinanza Adultos
Xefe de estudos Ensinanzas Profesionais
Departamento de Informática
Departamento de Física e Química
Departamento de Filosofía
Departamento de Educación Física
Departamento de Debuxo
Departamento de Lingua e Literatura Castelá
Departamento de Historia e Xeografía
Departamento de Lingua e Literatura Galega
Departamento de Matemáticas
Departamento de Latín e Grego
Departamento de Economía
Departamento de Inglés
Departamento de FOL
Departamento de Bioloxía
Departamento de Francés
Departamento de Orientación
Coordinador de FCT
Coordinadora de Dinamización Lingüística
Coordinadora ESA
Coordinadora BAC

Viñas Álvarez, Carmen
Nimo Vázquez, Manuel
Alonso da Silva, Pedro
Gómez Vázquez, Emiliano
Pereira Cordido, José Manuel
Pintos Recarey, Manuel Ignacio
Paz Patiño, Luisa María
Gerveno Martín, Luís
Villamil Vázquez, Jesús
Domínguez Touriño, Guillermina
González Ucha, José Luís
Labraña Barrero, Antón
Puentes Vázquez, Lucía
Otero Trillo, Ramón
Picallo Ferreiro, Elisa
Rosendo Domínguez, Fernando
Varela Díaz, Ramón
Rivera Parga, Pilar de
Burque Torreira, Elena
Paradela Rodríguez, Rafael
Juíz Río, Sandra
González Iglesias, Rosa
González González, Mercedes

Cámara de Delegados/as:

Integrada polos delegados/as de cada curso

I) PLAN XERAL CURSO 2011/2012

Este Plan inscríbese no marco xurídico que sustenta o sistema educativo e inspírase nos principios e valores que emanan da nosa *Carta Magna*, da LOE e demais normas que compoñen o referido marco lexislativo. Así, esta programación baséase nos principios seguintes:

- Ofrecer unha educación de calidade en cada unha das ensinanzas que conforman a nosa oferta educativa, tratando de conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades individuais, sociais, intelectuais, culturais e emocionais.
- Concibir a formación como un proceso permanente que se desenvolve ao longo da vida, facilitando o tránsito ao mundo laboral, ou contribuíndo á mellora da formación profesional que xa posúa o noso alumnado, facilitando así a posibilidade de acadar mellores empregos e contribuír á *cohesión social*, que con tanto empeño persegue a Unión Europea a través dos fondos de cohesión, que nutren de maneira moi significativa os presupostos do Centro.
- Compromiso de todos os integrantes da Comunidade Educativa, especialmente do profesorado, para traballar conxuntamente na procura da calidade do servizo.

Para este curso 2011/2012 formulamos os obxectivos seguintes:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Potenciar a dotación e uso das dúas Aulas Virtuais.
- Desenvolver e consolidar a Radio Educativa do IES San Clemente e a gravación das clases en todas as ensinanzas. Así como a implantación da “San Clemente TV”.
- Favorecer a mobilidade do alumnado mediante a transnacionalidade da FCT e o Programa ERASMUS.
- Continuar coa participación en programas europeos: COMENIUS a través do Portal *e-Twinning*.
- Potenciar o plurilingüismo.
- Potenciar a lectura.
- Desenvolver e consolidar a Aula MENTOR.
- Rematar o Plan de Convivencia.
- Afondar na igualdade entre mulleres e homes.
- Colaborar coa USC no desenvolvemento dun grupo investigador en relación coa ensinanza telemática en Galicia.
- Propiciar o desenvolvemento tecnolóxico integral do Centro situando ao IES San Clemente como referencia en Galicia.
- Todos aqueles outros obxectivos que constan nos anexos a este plan.

MEDIDAS A DESENVOLVER

- Modernización das dúas Aulas Virtuais con novos formatos e utilidades:
Aula virtual de bacharelato e ESA: neste curso completárase a segunda fase de modernización con novos formatos, utilidades e contidos. Aula virtual de ciclos formativos: neste curso coa implantación do Ciclo Superior de Administracións de Sistemas Informáticos en Rede a distancia daráselle novo impulso á *plataforma Moodle* coa introdución de novos contidos e aumento importante do número de usuarios.
- Mellora e actualización das unidades didácticas electrónicas da ESA a distancia.
- Gravación de vídeos explicativos do funcionamento da Aula Virtual e das Guías de Bacharelato a cargo da Coordinadora destas ensinanzas.
- Gravación das clases de distintas materias ou módulos das ensinanzas da oferta educativa.
- Consolidación das Seccións Bilingües. Neste curso, a máis das seccións de castelán ou galego / inglés, implántase unha sección de galego-portugués. No caso das primeiras, cóntase cunha auxiliar de conversa, Dña Patricia Mrozek. Polo que se refire a sección de portugués, iniciouse o curso cun seminario *O Português Simples*, impartido por membros da *Associação Galega da Língua*.
- Plan de dinamización do galego no centro, cun plan exhaustivo de actividades, entre as que destaca a revista *Pek, a pulga viaxeira*. **Neste curso o centro dá un paso moi importante neste aspecto, xa que todo o sistema informático ten o galego coma primeira lingua.**
- Apoio ás iniciativas dos Departamentos doutras linguas: castelán, francés, etc.
- Desenvolvemento da capacidade lectora do alumnado a través das lecturas propostas polos distintos departamentos, lecturas web, club de lectura, etc. (ver plano anexo).
- Promover a participación do alumnado en actividades que conduzan a concienciación para unha vida máis saudable: prevención de riscos laborais, conducción responsable, riscos derivados do consumo de drogas, coidado do medioambiente, igualdade entre sexos, etc. (ver Plano de actividades).
- Especial atención ás actitudes e á utilización da linguaxe non sexista.
- Oferta, interna e externa, de diversos seminarios *on line* sobre distintas temáticas tecnolóxico-informáticas a impartir por profesorado do IES San Clemente en colaboración coa USC.
- **En relación co desenvolvemento tecnolóxico do San Clemente e grazas a colaboración coa USC e o CESGA pasamos dunha velocidade en internet de 4 a 150 Mb, con posibilidades de mellorar. Para elo realizouse unha instalación de fibra óptica San Clemente-San Xerome a cargo dos presupostos do centro. Debido ao importante salto tecnolóxico experimentado polo IES San Clemente para este curso 2011-12, e coa finalidade de aproveitar a capacidade das nosas máquinas, váise a realizar a o longo do curso un cambio no**

cableado de todos os postos de traballo para deixalos no coñecido tecnoloxicamente como nivel 6.

Polo que se refire ao sistema informático, pasamos de windows XP con 32 bits a windows 7 con 64 bits, o que nos permite aproveitar ao completo as 8 gigas de memoria RAM das nosas máquinas.

Resaltar que detrás de todos este cambios hai un importante traballo, fora do seu horario lectivo, do profesorado de informática, especialmente de **D. José Manuel Blanco Calvo, D. Rafael Veiga Cid e D. Carlos Carrión Álvarez.**

RECURSOS PREVISTOS

Recursos Humanos:

- O centro conta con un excelente e esforzado equipo humano, composto por 66 profesores e profesoras, e 12 membros de persoal de administración e servizos, que atenden con especial dedicación ao alumnado.
- Coa finalidade de acadar o obxectivo do plurilingüismo, este curso contamos coa presenza da auxiliar de conversación Dña Patricia Mrozek, como axudante do profesorado das Seccións Bilingües en Inglés.
- Contamos tamén coa colaboración do persoal dos organismos seguintes: USC e CESGA, SERGAS, Escola Galega de Riscos Laborais (Consellería de Traballo), Cruz Vermella, IGAPE, Colexio de Arquitectos, ASLEME (Asociación de Lesionados Medulares Españais), etc.

Recursos Materiais:

O centro conta con un excelente equipamento desde o punto de vista tecnolóxico:

- CECASACLE (Centro de cálculo San Clemente).
- Zona Wi-Fi en todo o centro.
- *Ratio* alumno-ordenador: 1. *Ratio* profesor-ordenador: 1.
- **PLATAFORMA EDUCATIVA** con dúas aulas: **AULA VIRTUAL** baixo Windows para Bacharelato e ESA, e **AULA VIRTUAL** baixo Linux para Ciclos formativos.
- **EDUCARADIO.NET San Clemente.**
- Biblioteca informatizada baixo o programa MEIGA (ver plan dinamización biblioteca).
- Todas as aulas e talleres están dotadas de cano de luz.
- Aula MENTOR dotada con 12 ordenadores, escáner, impresora, distintos tipos de software, etc.
- Unha aula está dotada con pantalla electrónica.
- Servizo de préstamo ordenador portátil para profesorado.

- *Pen drive* por alumno e profesor para o traslado de información desde o ordenador do centro ao seu ordenador persoal.
- Ordenadores de libre disposición para o alumnado no vestíbulo do centro.
- Taboleiros de anuncios virtuais nas zonas comúns.
- No que se refire ao sistema informático, débense ter en conta as novidades recollidas no último punto do apartado de medidas a desenvolver.

Instalacións:

As instalacións do centro atópanse nun óptimo estado para o desempeño das actividades docentes.

Recursos Económicos:

Para o exercicio económico 2011 o centro ten asinados un presuposto cifrado ao redor de 299.003,00 euros co que se poden atender de xeito satisfactorio todas as necesidades da Comunidade Educativa.

II) HORARIO XERAL DO IES

O horario xeral do IES é o seguinte:

De luns a venres de **08:45 h – 14:35h** (no horario de mañá) e de **16:20h – 23:00h** (no horario de tarde-noite).

Os horarios por grupos e ensinanzas son os que figuran no DOC (Capítulo II)

Tódalas instalacións están abertas ao alumnado durante o período de apertura do centro:

AULAS: durante os períodos de clase e sempre con presenza do profesor ou profesora.

BIBLIOTECA: Durante este curso a Biblioteca estará ocupada de luns a xoves, en horario de mañá, polo alumnado da ESA. No resto do horario seguirá funcionando como biblioteca.

SALÓN DE ACTOS: o horario está en función das actividades programadas.

OFICINA: o horario de atención ao público é de **9:00 – 14:00h** de luns a venres, e de **17:00 – 19:00h** martes e xoves.

HORARIO DE VERÁN (Agosto): o centro permanece aberto ao público de 9:00 – 13:00h

HORARIOS DO ALUMNADO: Os criterios a ter en conta na confección de horarios do alumnado tratan de responder ás necesidades pedagóxicas de cada unha das ensinanzas e facilitar ao alumnado a posibilidade de dispor de tempo que lle permita participar en outras actividades complementarias e de tempo de lecer.

HORARIOS DO PROFESORADO: O principal criterio para a súa elaboración e prestar a maior atención ao alumnado.

- **Profesorado de Informática:** preténdese compatibilizar a maior dedicación docente coas necesidades de “*mantemento permanente*” do equipamento informático do centro (276 ordenadores + 98 portátiles, REDE, CECASACLE, etc.)
- **Profesorado de Ensinanza de Adultos:** preténdese proporcionar ao alumnado unha “*Atención 24 horas*” tanto presencial, telefónica pero sobre todo telematicamente a través da aula virtual.
- Neste curso contrólase a asistencia de **todo** o profesorado do centro de xeito telemático.

III) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PRIMEIRO TRIMESTRE

Ciclos Formativos

- Seminario de *Portugués Simple*s, impartido pola *Associação Galega da Língua*.
- Charla sobre “Lesión medular espinal” (ASLEME).
- Visita ao viveiro de empresas.
- Visita ao INSHT e ás exposicións de Arte de Novacaixagalicia en Vigo
- Visita ao Centro de Servizos Tecnolóxicos do SERGAS.
- Visita ao CPD do Banco Pastor.
- Visita ao CESGA.
- Charla sobre sexualidade e drogodependencia (Ciclo Medio).
- Concurso de postais de Nadal.

Bacharelato e ESA

- Charlas formativas sobre o funcionamento da Aula Virtual.
- Concurso de postais de Nadal

SEGUNDO TRIMESTRE

Ciclos Formativos

- Semana de Orientación Académica e Profesional de acordo co Plan establecido polo Departamento de Orientación.
- Charla sobre cultura emprendedora – IGAPE.
- Charlas sobre Riscos Profesionais da familia de informática.
- A función sindical na empresa.

- Actuación en primeiros auxilios.
- Visita ao CPD do Parlamento de Galicia.
- Conferencia: Piratería, Lei Sinde e Lexislación informática.

ESA e Bacharelato semipresencial e a distancia

- Visitas ás exposicións que teñan lugar en Santiago e sexan de interese para este alumnado.
- Semana de orientación académica e profesional.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Concurso literario co gallo das **Letras Galegas**.
- Celebración do Día das Letras Galegas en distintos concellos da provincia da Coruña que teñen alumnado matriculado con nós e tamén nos centros penitenciarios da nosa comunidade autónoma.
- *Día do Libro* no IES San Clemente, en distintos concellos da provincia da Coruña que teñen alumnado matriculado con nós e tamén nos cinco centros penitenciarios da nosa comunidade autónoma.
- Visita guiada á USC.

O Consello Escolar (28.10.11) aprobou que todas aquelas actividades que se desenvolvan na cidade ao longo do curso e que sexan de interese do noso alumnado serán incorporadas a esta Programación Xeral.

IV) PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS EUROPEOS

Programa ERASMUS

Neste curso, o Centro participará no Programa ERASMUS, facilitando a mobilidade do alumnado e propiciando a transnacionalidade da FCT dos alumnos e alumnas que están a desenvolver a súas ensinanzas nas seccións bilingües, potenciándose así o coñecemento doutras linguas e culturas tal e como se indica en varios dos Plans anexos a esta Programación. Prevese que neste curso aumente o número de alumnos e alumnas que realicen a FCT no estranxeiro.

Programa COMENIUS

Por terceiro ano consecutivo, o Centro está participando neste programa en colaboración con varios centros de países europeos, sendo o tema principal do traballo a elaboración dun comic co título *Pek - A pulga viaxeira*, para o que se utiliza, por parte do alumnado participante no programa distintas ferramentas informáticas de *software* libre de última xeración, propiciando a máis que o alumnado poida desenvolver tanto capacidades

noutras linguas como o contacto, o coñecemento e o respecto por outras culturas, pola ecoloxía e a natureza.

V) PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

FORMACIÓN NO CENTRO

- △ Ao longo do mes de setembro impartíronse sesións formativas sobre o funcionamento da Aula Virtual para o profesorado de nova incorporación. Así mesmo ofreceuse unha sesión sobre o funcionamento do novo sistema informático. Tamén se impartiu unha sesión informativa sobre o funcionamento e a organización da ensinanza de adultos, dirixida ao profesorado de nova incorporación.
- △ Neste curso constituiranse dous **grupos de traballo** denominados *Dinamización lingüística e Novas Tecnoloxías*, e *Elaboración de materiais para o ensino telemático*.
- △ Así mesmo desenvolverase un **Seminario Permanente** denominado *Os textos multimedia na educación ao longo da vida*.

Todos estes grupos estarán integrados por profesorado de distintos departamentos e membros do equipo directivo.

FORMACIÓN FORA DO CENTRO

A maioría do profesorado xa realizou ou vai a realizar ao longo deste curso actividades formativas en relación coas materias da súa competencia docente e outras coma o coñecemento de linguas, etc. Destacando, entre outras, as seguintes:

- △ *A literatura galega nas aulas, os camiños do entusiasmo.*
- △ Charla no IES de Arzúa: *Mirando quen falta.*
- △ Congreso internacional sobre recursos educativos en galego.
- △ Curso *Ajax con PHP.*
- △ Curso de Especialización en Xestión de Recursos Humanos e Ciencias do Traballo da USC. A parte de Informática aplicada á xestión.
- △ Curso de Inglés avanzado, Francés Intermedio I e II, e Portugués Intermedio I e II.
- △ Curso: *Seguridade en redes informáticas.*
- △ Curso implantación e administración remota e centralizada de sistemas operativos.
- △ Curso: *Estratexias para a competencia lectora.*
- △ Curso: *Organización de Bibliotecas Escolares.*
- △ Desenvolvemento de páxinas web ASP.NET
- △ Deseño, implantación e configuración de dominios LINUX.

- △ Elaboración de materiais de aula con JAVA CLIC.
- △ II Congreso europeo da federación internacional de profesores de francés (Praga).
- △ Informática e comunicacións, Implantación e administración remota e centralizada de sistemas operativos.
- △ Informática e comunicacións, Zentyal: solución servidor todo-en-un para pymes.
- △ Instalación, configuración e xestión dunha plataforma *Moodle*.
- △ *Interactive class rooms*.
- △ Intercambio de experiencias de traballo en equipo.
- △ Linguaxes de marcas XML.
- △ *Marcas, patentes y otros activos intangibles*.
- △ Master en novas tecnoloxías aplicadas a educación.
- △ Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados - P2051V01. da USC. P2051M03 Módulo II: Especialidade de Xestión: *A Informática e A Enfermaría*.
- △ Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral - P3041V01 conxunto das Universidades de Santiago, Coruña e Vigo. En P3041M04 Especialidade en Xestión Sociolaboral - *Informática de Xestión Sociolaboral*.
- △ MEC a distancia. Redes con linux y windows nivel 2 avanzado.
- △ Medios de comunicación na aula.
- △ Monitorización de redes e alta dispoñibilidade.
- △ Multimedia en educación.
- △ Novidades curriculares na familia profesional de informática e comunicacións.
- △ Participación no audiovisual *Elisa e Marcela*.
- △ Portugués inicial. Aplicación na aula.
- △ Programación de dispositivos móbiles con Android.
- △ Proxecto de investigación coa USC: *A xustiza laboral en Galiza e as mulleres*.
- △ Realización de materiais didácticos a través de ferramentas informáticas.
- △ Redes locais en centros educativos. LINUX.
- △ Referencia: X1101005. Formación profesional a distancia I: programación. Centro de formación e recursos: Servizos Centrais Lugar: PLATEGA.
- △ Referencia: X11010067. Formación profesional a distancia II: plataforma de formación. Centro de formación e recursos: Servizos Centrais Lugar: PLATEGA.
- △ Referencia: X1101007. Formación profesional a distancia III: titoría virtual. Centro de formación e recursos: Servizos Centrais Lugar: PLATEGA.
- △ Referencia: X1101033. Formación a distancia en administración das Webs dinámicas dos centros educativos.
- △ S1101003 - Instalación de cables estruturada das redes locais.
- △ Sistema operativo GNU-LINUX: UBUNTU.
- △ Unidades didácticas sobre *Frozen River* interdisciplinares para secundaria.
- △ V Ciclo de cine documental e historia.
- △ VII y VIII edición del Master en Xestión de Recursos Humanos nas Organizacións da USC. A parte de *Informática aplicada á xestión*.

- ⤴ X1101003 - Simulación de redes locais con máquinas virtuais.
- ⤴ Xestión avanzada de UBUNTU. Servizo de rede de deseño dunha infraestrutura de dominio.
- ⤴ Xestores de contidos: Drupal 7 con comercio electrónico.
- ⤴ Xornada sobre igualdade. Consello da Cultura Galega.
- ⤴ Xornadas de Lingua Galega.
- ⤴ Xornadas sobre programas de aprendizaxe permanente.
- ⤴ XXIV Congreso ENCIGA.
- ⤴ *XXV Journées pédagogiques de l'APFG.*

Algúns profesores e profesoras foron ou van ser poñentes en cursos do CEFORE, USC e xornadas organizadas por distintas Institucións. Así mesmo parte do profesorado realiza cursos da Aula MENTOR de temática diversa.

ANEXOS

- 1. PROXECTO LECTOR E DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA**
- 2. PLAN DE CONVIVENCIA**
- 3. PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- 4. PLAN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**
- 5. PLAN DE FORMACIÓN EN CENTRO DE TRABALLO**
- 6. PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN**
- 7. PLAN DE IGUALDADE**
- 8. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS T.I.C.**

PROXECTO LECTOR

E DE

DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

INTRODUCCIÓN

No curso 2011-12 a biblioteca verá reducido o seu horario de funcionamento debido a que de luns a xoves (polas mañás) funcionará como aula da ESA. A ampliación da oferta educativa do centro por mor da implantación do Ciclo de Administración de Sistemas Informáticos en Rede obriga a tomar esta medida. Aínda así no resto do horario tratarase de potenciar ao máximo o uso da mesma polo alumnado.

A biblioteca é un recurso básico nun centro educativo. Os cambios curriculares producidos en Galicia por medio das últimas reformas lexislativas introdúcenos nun modelo de educación, onde se fai imprescindible a adquisición de hábitos de manexo da información, así coma a necesidade de fomentar unha ensinanza na que a aprendizaxe non se circunscribe a unha determinada etapa, senón que nos acompañe ao longo da vida. O recoñecemento da educación como un proceso, deberá constituír o eixe principal do sistema de ensinanza.

Neste contexto a biblioteca configúrase como un espazo onde cotexar a información, onde acudir para manexar a documentación e as diferentes fontes das que poidamos obter a información: aprender a manexar unha enciclopedia, aprender a utilizar un dicionario, acceder a internet, etc.

OBXETIVOS

- Abrir a biblioteca a toda a comunidade educativa. Fomentar hábitos lectores e acercar o libro de forma lúdica.
- Converter a biblioteca no eixe da investigación, da formación e da información.
- Fomentar a adquisición de hábitos no manexo de lecturas Web.
- Completar a dotación da biblioteca con novas adquisicións bibliográficas suxeridas polos departamentos das distintas materias.

CONTEXTUALIZACIÓN

A lectura é a base da aprendizaxe. Neste centro hai anos que estamos a fomentar os hábitos que nos leven a un aumento da comprensión lectora do alumnado, imprescindible para a vida cotiá e o estudo de calquera materia, incluídas as novas tecnoloxías.

O IES San Clemente, debido ás especiais características derivadas da súa oferta educativa, é un centro no que o alumnado ten arraigados determinados hábitos, polo que a nosa tarefa, no referente á lectura, é adaptarse ás circunstancias dun alumnado predominantemente adulto, con carencias importantes unhas veces, e outras con intereses moi concretos.

Aínda que existen dificultades, pouco a pouco imos logrando despertar o interese no alumnado dos ciclos formativos, e das demais ensinanzas, por lecturas non só técnicas senón por temas culturais que lle permitan a uns e a outros manter un hábito lector ao longo da vida. Neste senso, temos establecido un sistema de préstamo de xeito que o alumnado poida levar, por un prazo curto de tempo, libros para a súa casa.

ORGANIZACIÓN

HORARIO

A biblioteca está aberta e a disposición de todo o alumnado e persoal do Centro en horario de 16:20 a 21:20 de luns a venres, e de 08:45 a 14:35 só as mañás dos venres.

PROFESORADO QUE ATENDE A BIBLIOTECA

A responsabilidade da biblioteca durante este curso recae sobre a profesora Dna Julia Valiño Cajaraville, que terá dedicación plena a mesma. No horario non cuberto por dita profesora estará a cargo do profesorado de garda.

A función principal da profesora encargada é a catalogación dos libros así coma a orde nas distintas vitrinas e atender o servizo de préstamo. O profesorado de garda colaborará no servizo de préstamo soamente cando a profesora responsable non teña horario.

A Biblioteca está informatizada utilizando o programa MEIGA.

Na actualidade hai seis mil volumes e material en formato audiovisual. A Biblioteca está sinalizada e estamos a conseguir a dinamización da mesma, mediante actividades de formación do usuario, educación documental e fomento da lectura.

PRINCIPIOS BÁSICOS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

O profesorado está convencido de que a lectura non é tarefa exclusiva dunha área concreta, xa que a todos afecta que o alumnado comprenda as explicacións e o significado dos textos escritos. Proba diso é que os departamentos das distintas materias, nas súas programacións, indican cal é a súa contribución ao plan lector.

Nas materias de temática lingüística e de humanidades sinálanse unha serie de obras de lectura obrigada ao longo do curso, proporcionándosele ao alumnado unha guía de lectura que lle axude a unha mellor comprensión lectora. Noutras materias, recoméndanse lecturas relacionadas con determinados temas coa finalidade de que o alumnado amplíe os seus coñecementos, adquira unha capacidade crítica, mellore a súa linguaxe dende o punto de vista científico, tecnolóxico, filosófico, etc.

Os libros de obrigada lectura son:

- Solé Tura, J. & Aja, Eliseo, *Constituciones y períodos constituyentes en España*. - Ed. Siglo. XXI, Madrid 1977.
- Sánchez de Madariaga, *Conceptos fundamentales de Historia*. - Ed. Alianza, Madrid 2001.
- Eduardo Galeano, *Epejos*. - Ed. Siglo XXI.
- Bernard Bruneteau, *El siglo de los genocidios*. - Alianza Editorial.
- Sándor Márai, *¡Tierra, Tierra!*, Ed. Salamandra.
- Jorge Manrique, *Coplas*.
- Anónimo, *El Lazarillo de Tormes*.
- Lope de Vega, *Fuenteovejuna*.
- Lope de Vega, *El caballero de Olmedo*.
- Antonio Muñoz Molina, *Plenilunio*.
- Pedro Salinas, *La voz a ti debida*.
- Buero Vallejo, *La fundación*.
- J. L. Borges, *El Aleph*.
- Castelao, *Os dous de sempre*.
- Ánxel Fole, *A lus do candil*.
- Rosalía de Castro, *Follas Novas*.
- Carlos Reigosa, *Pepa a Loba*.
- Castelao, *Os vellos non deben namorarse*.
- Álvaro Cunqueiro, *Merlín e familia*.
- X. L. Méndez Ferrín, *Amor de Artur*.
- Manuel Rivas, *Que me queres, amor?*
- Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*.
- Castelao, *Cousas*.

- Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga*.
- Carlos Casares, *Ilustrísima*.
- Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*.
- Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor D. Hamlet, príncipe de Dinamarca*.
- M. Benedetti, *Relatos*.
- A. Fernández Paz, *Lúa do Senegal*.
- A. Fernández Paz, *Noite de voraz sombra*.
- X. Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*.
- Castelao, *Un ollo de vidro e Retrincos*.
- Mario Benedetti, *La sirena viuda*.
- Yves Pinguilly, *Cuentos y leyendas del cuerno de África*.
- García Márquez, *Crónica de una muerte anunciada*.
- J. Luis Sampedro, *La sonrisa etrusca*.
- Luis Sepúlveda, *Un viejo que leía novelas de amor*.
- Homero, *A Ilíada*.
- Sófocles, *Edipo Rei*.
- Aristófanes, *As nubes*.
- Ovidio, *Metamorfosis*.
- Catulo, *Poemas*.
- Tito Livio, *A traxedia de Lucrecia*.
- Tácito, *Agrícola*.
- Shakespeare, *Hamlet*.
- G. Flaubert, *Madame. Bovary*.
- Ortega y Gasset, *Que é filosofía?*
- Eco, U., *O nome da rosa*.
- Descartes, *Discuso do método*.
- Argullol, *O héroe e o único*.
- Freud, *Introdución ao psicanálise*.
- Nietzsche, *Así falou Zaratustra*.
- Platón, *Apoloxía de Sócrates*
- Mirándola, *Da dignidade do ser humano*
- Aristóteles, *Política*
- Martínez Marzoa, *Iniciación á filosofía*
- Kant, *Crítica da Razón Práctica*
- Adorno, *Mínima moralia*
- Darwin, *A orixe das especies*
- Mead, *Sexo e temperamento*
- Harris, *Caníbales e reis*
- Harris, *Bó para comer*
- Harris, *Vacas, porcos, guerras e bruxas*
- Davis, *A comunicación non verbal*
- Freud, *O malestar na cultura*
- Morris, *O mono espido*
- Ferrero, *As experiencias do desexo*

- Savater, *As preguntas da vida*
- Russell, *Sociedade humana*
- Gondar, *Antropoloxía e racionalidade*

Ao ser este un centro no que a maior parte do alumnado é adulto trátase tamén de suxerirle lecturas que axuden ao seu desenvolvemento como persoas, satisfacción persoal, civismo, sensibilidade (artística, social, tecnolóxica..). En resume, “A lectura coma posibilidade de crecemento persoal”.

Este plan complétase co establecido no Plan TIC do centro.

ACTIVIDADES LECTORAS

Club de lectura.

Neste curso 2011-12 continuará a súa actividade o Club de Lectura IES San Clemente, integrado por profesorado, alumnado e persoal non docente, baixo a coordinación do profesor **Antón Labraña Barrero**. Os integrantes do Club reúnense cunha periodicidade quincenal para comentar as obras lidas nese período e facer novas propostas.

Outras actividades relacionadas coa lectura tamén son desenvolvidas polo profesorado en Centros Penitenciarios co gallo do *Día do Libro* e *Día das Letras Galegas*. Estas actividades esténdense tamén a algúns concellos da provincia de A Coruña.

Lecturas web.

A través da Aula Virtual tamén intentamos potenciar os hábitos lectores mediante lecturas web. Neste curso estanse a ler:

- John Boyne, *The Boy in the Striped Pyjamas*.

PLAN DE CONVIVENCIA

PLAN DE CONVIVENCIA

Introducción

Tendo en conta o establecido no decreto 85/2007, de 12 de abril (DOG de 12.05.07), no pasado curso iniciáronse os traballos para a elaboración do *Plan de Convivencia* no Centro.

Ao ser a gran maioría dos integrantes desta comunidade escolar persoas adultas e ao non detectarse problemas de convivencia salientables, non se consideraba necesaria a elaboración de dito plan, xa que dende fai varios cursos vimos aplicando unhas normas, moi sinxelas, que fan referencia ao comportamento na aula e ao bo uso das tecnoloxías. O profesorado nas súas relacións co alumnado, tanto no aspecto docente coma no persoal, e incluso nas relacións telemáticas, sempre trata de transmitir principios e valores de respecto, diálogo e entendemento, que se estenden ás relacións do profesorado entre si, co persoal non docente e viceversa. Así tamén se recolle nas programacións presentadas polos departamentos das distintas materias, de xeito que o conxunto do profesorado dende sempre vimos considerando esta tarefa coma algo común e permanente, e ata, diríamos, consubstancial ao noso centro como corresponde ás relacións entre persoas adultas nun ámbito educativo e docente. Sen embargo, o **Observatorio da Convivencia Escolar**, constituído no seo do Consello Escolar durante o pasado curso, comezou a dar os primeiros pasos para a elaboración do *Plan*.

É intención do centro completar e ramatar neste curso 2010-11, contando coa participación de todos os integrantes da Comunidade Educativa, que poderán facer aportacións ao mencionado Plan.

Obxectivos principais

- Propiciar e alentar o maior grao de participación dos membros da comunidade escolar.
- Impulsar neste curso os traballos de elaboración do Plan.

Medidas a desenvolver:

Partindo da análise dos resultados da enquisa sobre o *clima de convivencia* feita polo Departamento de Orientación no curso pasado as medidas a desenvolver serán as seguintes:

- Elaboración polo Observatorio da Convivencia dun Anteproxecto de Plan: sinxelo e axustado aos principios e valores democráticos que emanan da nosa *Carta Magna*.
- A achega de dito Anteproxecto aos membros da comunidade educativa para que poidan facer as súas aportacións.
- Aprobación do Plan polos órganos competentes.

PROXECTO LINGÜÍSTICO

Introdución

O IES San Clemente, consciente de que nunha sociedade coma a actual onde a intercomunicación propiciada pola globalización e polos continuos e rápidos cambios sociais, culturais, políticos e económicos indican que as competencias lingüísticas van a ser determinantes para que as persoas poidan adaptarse ás diversas circunstancias que se lle poidan presentar ao longo da vida no ámbito laboral e mesmo persoal, tenta contribuír, dentro das nosas posibilidades, a que o alumnado adquira unha competencia lingüística *plurilingüe*.

Sendo a nosa unha comunidade con dúas linguas cooficiais, Castelán e Galego, debemos aproveitar esta vantaxe para conquistar que o alumnado non só adquira unha boa competencia nas dúas linguas mencionadas, senón que esta posibilidade poida estenderse a outras, e máis concretamente ao Inglés e Portugués.

Tendo en conta o establecido na normativa vixente ao efecto, a Comisión Pedagóxica e o Claustro acordaron que a relación entre a lingua galega e a castelá sexa de igualdade.

Obxectivos xerais

- Conquerir a maior competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas cooficiais.
- Potenciar a ensinanza doutras linguas, especialmente do inglés e o portugués.

Obxectivos específicos

- Estes obxectivos están recollidos, polo miúdo, nas programacións dos Departamentos de linguas.

Medidas a desenvolver

- Hai que salientar o importante paso dado neste curso en relación coa dinamización do galego no centro, xa que todo o sistema informático ten como lingua vehicular o galego. Dando tamén a oportunidade de que os usuarios poidan utilizar o castelán ou outras linguas.
- Nas Programacións Didácticas dos Departamentos de Linguas, recóllense os procedementos e actividades a levar a cabo, para que o alumnado das distintas ensinanzas da nosa oferta educativa acade a maior competencia lingüística na lingua respectiva.
- Plan de potenciación do galego. Conscientes do necesario apoio á lingua galega, aportamos, como parte máis importante do Proxecto lingüístico do centro un Plan de Dinamización do Galego na nosa comunidade escolar.
- Desenvolvemento e consolidación de seccións bilingües en inglés e portugués nos ciclos formativos.
- Propiciar que o alumnado das seccións bilingües realice a FCT no estranxeiro mediante o programa ERASMUS.

**PLAN DE
DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
GALEGA**

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA GALEGA

ÍNDICE

Introdución	32
Integrantes de EDL	33
Contorno sociolingüístico do centro	34
Obxectivos do PXDL para o ensino e a formación de adultos ...	35
Plan anual de actividades	38
Cadro-resumo das actividades	40

INTRODUCCIÓN

No IES San Clemente desenvolvéronse historicamente proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e o desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

Aínda que no noso centro existen desde sempre iniciativas en prol da nosa lingua e da nosa cultura, o EDL do IES San Clemente vén funcionando, nomeadamente, desde a creación dos equipos de normalización lingüística, e desde ese momento existe un proxecto global de normalización que se revisa curso a curso. Porén, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto deberá continuar traballando coa finalidade de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque o método de traballo de cursos precedentes ha ser revisado e a actividade a desenvolver axeitada en relación cos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que sería considerado como plan plurianual.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

INTEGRANTES DO EDL

Como ordena o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o EDLG do IES San Clemente está formado por profesorado, alumnado e persoal non docente, que actuarán baixo a supervisión da dirección do centro, elixidos conforme a lei: o profesorado, por proposta do claustro de profesores; o alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas e o persoal non docente, por proposta deste persoal, sendo a directora do centro a responsable do seu nomeamento.

Coordinadora:

Sandra M^a Juíz Ríó

Membros do profesorado:

Carmen Viñas Álvarez (directora)

José Luís González Ucha (Galego)

Marcos Vence Ruibal (Informática)

Emiliano Gómez Vázquez (Informática)

Ramón Varela Díaz (Ciencias Naturais)

Sira Vidal Laxe (Galego)

Elena Burque Torreira (Orientadora)

Luisa M^a Paz Patiño (Historia)

Mercedes González González (Coordinadora)

Antón Labraña Barreiro (Matemáticas)

M^a Dolores Díaz Rifón

Membros do alumnado:

Adrián Leira López (2º Bach.)

Membros do persoal non docente:

Manuel Barral Sánchez

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Dadas as características especiais do centro, resulta difícil analizar a súa realidade sociolingüística, xa que cada modalidade educativa se desenvolve nun contorno diferente:

O alumnado dos ciclos formativos provén maioritariamente da localidade en que está situado o centro (Santiago de Compostela) e dos concellos limítrofes.

O alumnado matriculado na ESA pertence a unha parte importante da provincia da Coruña (32 concellos).

O alumnado inscrito en Bacharelato procede de toda a comunidade, por ser este centro o único en Galicia que imparte esta modalidade a distancia, pero constatamos pola comunicación mantida a través da plataforma virtual que pode atoparse fóra da comunidade e mesmo do país mentres realiza os seus estudos.

En canto ao profesorado, o encargado da formación a distancia, desenvolve o seu labor en galego de forma maioritaria, como pode comprobarse na aula virtual, que é o vehículo prioritario de comunicación entre o profesorado e o alumnado.

En canto á normalización lingüística nos ciclos impartidos no centro, agardamos á realización dunha enquisa sociolingüística para coñecer os datos estatísticos exactos.

Con respecto á comunicación interna e externa do centro, realízase integramente en galego (agás os casos contemplados na lei, de relación con organismos doutras comunidades) como pode verse na plataforma educativa.

OBXECTIVOS DO PDL PARA O ENSINO E A FORMACIÓN DE ADULTOS

Obxectivos xerais

- Garantir a posibilidade de vivir en galego.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos (coma o educativo).
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Obxectivos xerais para o ensino

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Fomentar o uso progresivo do galego de xeito que se superen fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.

- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

Obxectivos específicos

- Coidar de maneira especial o uso da lingua na plataforma educativa, actualizándoa e someténdoa a continuas revisións.
- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuizados cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Asegurar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.
- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.
- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Reforzar a estrutura de planificación lingüística da Administración educativa e as medidas de apoio ao labor normalizador dos centros.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.
- Garantir unha ampla oferta educativa en galego.
- Lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

- Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Conseguir que todas as instancias administrativas relacionadas coa educación se comprometan coa normalización do galego.

Obxectivos xerais da formación de adultos

1. Lograr que a formación de adultos faga percibir o galego como unha axuda para a comunicación e como unha fonte de enriquecemento e de integración no pasado e no futuro do pobo galego.
2. Garantir a especialización en galego dos profesionais que exerzan a súa actividade laboral en traballos de atención ao público ou que esixan competencias comunicativas especializadas.

Obxectivos específicos da formación de adultos

Achega ao Plan Lingüístico do centro

9. Potenciar a aprendizaxe do galego por parte de toda a poboación adulta mediante fórmulas didácticas máis motivadoras que garantan resultados comunicativos máis satisfactorios e que poñan en relación a lingua coa historia e a cultura de Galicia.
10. Ofrecer unha formación pedagóxico-didáctica especializada ao profesorado de lingua galega para adultos e fornecelos dos recursos necesarios para que poidan desenvolver con éxito o seu labor.
11. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da Comunidade educativa.
12. Procurar o aumento en cantidade e calidade, da expresión escrita en galego.
13. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.

14. Facilitar información legal aos compoñentes da comunidade educativa.
15. Trazar liñas de traballo que promovan a autoestima lingüística dentro e fóra da Comunidade escolar.
16. Establecer relacións con persoas e entidades da contorna que colaboren na recuperación e dignidade da lingua.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

- Atención especial á utilización da lingua na plataforma educativa actualizándoa e someténdoa a continuas revisións.
- Mellorar o espazo interactivo das dúas plataformas virtuais do centro (na de ESA-Bacharelato e na dos ciclos de Informática) medio que nos facilita a comunicación cos usuarios para informar sobre a normativa vixente, publicar novas de interese, resolver dúbidas lingüísticas de calquera membro da comunidade educativa (en especial dos que preparen os cursos Celga a través da rede), recibir propostas dos usuarios e informar sobre as actividades do equipo.
- Mantemento do taboleiro específico para o EDL.
- II Concurso POSTAIS DE NADAL. Componse de imaxe e texto. A seleccionada podería ser utilizada como felicitación por parte do Centro.
- Gravación de textos sonoros para a súa utilización na plataforma virtual. Entre eles, os que resulten premiados no XXV Concurso Literario IES San Clemente.
- Continuación das actividades realizadas en concellos e centros penais relacionadas coa animación á lectura, obradoiros literarios, visitas de escritores, ...
- Convocatoria do XXV Concurso literario IES San Clemente, conforme ás bases que se acorden mediante reunión do EDL e o Departamento de Galego. Arquivo dos textos presentados ao concurso e publicación na web do centro dos textos premiados.
- Publicación na plataforma virtual do material audiovisual de interese, recibido ou conseguido polo EDL ou polo Departamento de Galego.

- Recepción e arquivo do material dirixido ao EDL.
- Participación nas actividades organizadas pola Coordinadora Galega de EDL que sexan consideradas de interese.
- Colaboración cos departamentos e a administración do instituto na realización de calquera actividade relacionada co uso da lingua galega.
- Realización das actividades de promoción do idioma acordadas nas reunións do EDL, a proposta dos seus membros ou de calquera membro da comunidade educativa.
- Mantemento do grupo de traballo que ten por título "Normalización lingüística e telemática".
- Organización dun novo grupo de traballo con título "Elaboración de materiais para o ensino telemático".
- Continuación do "Club de lectura".
- II Concurso europeo de marcapáxinas IES San Clemente.
- Roteiro de sendeirismo cultural polo Caurel.

CADRO-RESUMO DAS ACTIVIDADES

Temporalización	Título actividade (incluídas as que non teñen custo económico)	Responsable/s e departamento/s ao que pertence	Destinatarios/as	Orzamento (Euros)
1º trimestre	II Concurso “Postal Nadal”	Departamento de LGL e Informática	Alumnado	150
Todo o curso	Bibliografía relacionada coa normalización lingüística	Departamento de LGL	Alumnado e profesorado	200
Todo o curso	Conferencias e actividades en centros penais	Departamento de LGL e X e H ^a	Alumnado centros penais	200
Marzo, abril, maio	XXV Concurso literario	Departamento de LGL	Alumnado	1200
Todo o curso	Audiovisual en galego, música e cinema	Departamento de LGL	Alumnado e profesorado	300
Todo o curso	Material ofimático	Departamento de LGL	Alumnado	100
Todo o curso	Material funxible	Departamento de LGL	Alumnado e profesorado	50
Todo o curso	PEK, a pulga viaxeira	Departamento de LGL e Informática	Alumnado e profesorado	700
2º e 3º trimestres	II Concurso de marcapáxinas	Departamento de LGL e Informática	Alumnado	200
2º e 3º trimestres	Bibliografía relacionada co autor homenaxeado Valentín Paz Andrade	Departamento de LGL	Alumnado e profesorado	75
Total				3.175

PLAN F.C.T.

PREVISIÓN F.C.T. 2011 – 2012

Durante o curso 2011-12 realizaranse dous períodos da F.C.T. O primeiro de Outubro a Decembro e o segundo de Abril a Xuño. Podería haber unha terceira tanda de Xaneiro a Marzo no caso de que algún alumno que houberse renunciado en convocatorias anteriores, desexase facela ou ben que na convocatoria extraordinaria de Outubro aprobase algún.

Convocatoria de Outubro 2011

	Acceden á F.C.T.	Renuncian á F.C.T.	Exentos da F.C.T.	Fan á F.C.T.
DAI	5	0	0	5
DAI(Tarde)	8	0	2	6
ASI	8	0	0	8
ASI(A)	0	0	0	0
SMR	7	0	0	7
Total	28	0	2	26

Nesta convocatoria catro alumnos fan a F.C.T. no estranxeiro (Alemania e Irlanda) seguindo o camiño emprendido en convocatorias anteriores.

As empresas colaboradoras nesta convocatoria son:

A ESTRADA DIXITAL (A Estrada)
Pose Vinseiro, Rubén

ALTIA (Santiago de Compostela)
Bello González, Modesto

APP Stgo
Ronquerte Roo, Manuel

BEEP (Santiago de Compostela)
Constenla Portela, Hugo

BEEP (Vilagarcía de Arousa)
Ares González, Santiago

CENTRO CASTELAO (Rianxo)
Rey Rey, Alberto

CÉSAR GONZÁLEZ (Rianxo)
Miguens Martínez, José David

CEXGA
Antelo Csorba, Daniel

CONCELLO DE SANTIAGO (Santiago de Compostela)
Sanchez Fontao, Martín

COREMAIN (Santiago de Compostela)
García Ferreiro, X. Antón

CORTIZO (Rois – Padrón)
Bello Bello, Iago

E-COMPUTER (Santiago de Compostela)
Mirón Brión, Sergio

ELINFO (Santiago de Compostela)
Abalo Costa, Pedro

GRUPO GALSEG (Santiago de Compostela)
Amosa Vispo, Juan J.

INFORHOUSE (Santiago de Compostela)
García Carreira, Christian

MICROCOMPOSTELA (Ames)
Sóñora Abeijón, Daniel

NATICA (Santiago de Compostela)
Rouco Fernandez, Donato

PEFC GALICIA (Santiago de Compostela)
Pan Cores, Ramón

PLEXUS (Ames)
Dominguez Blanco, Fabio

PC BOX (Santiago de Compostela)
Torres Corral, Daniel

SIXTEMA (Santiago de Compostela)
Merinero Martínez, Oriol

TELEVÉS (Santiago de Compostela)
Chorén García, Adrián

SWAN TRAINING INSTITUTE (Irlanda)

Martínez Barbosa, Gustavo

Vidal Brey, Alberto

COOLAMBER SOLUTIONS (Irlanda)

Senra Amaro, Daniel

LANDKREIS GRAFSCHAFT BENTHEIM (Alemania)

Peña Hernandez, José

Convocatoria de Abril 2012

Na convocatoria de Abril 2012 hay que ter en conta que os alumnos dos ciclos modulares non poden facer a F.C.T. porque o seu curso remata en Xuño e polo tanto terana que facer a principios do curso 2012-2013 de Outubro da Decembro.

Polo que respecta os ciclos ordinarios, a previsión é que fagan a F.C.T. do orden de 50-60 alumnos repartidos da seguinte forma:

S.M.R.entre 15-18 alumnos

A.S.I.Rentre 17-20 alumnos

D.A.I.entre 18-20 alumnos

Conclusión:

O longo do curso 2011-2012 farán a F.C.T. entre 85 - 90 alumnos.

PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN

CURSO 2011-2012

ÍNDICE

I. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.	47
1. Lexislación básica	47
Normativa que regula a orientación	47
Funcións prioritarias encomendadas	47
Funcións xerais	47
Relacionadas coa inclusión e a diversidade	48
Relacionadas co PAT e educación en valores	48
Relacionados coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais	48
2. Análise e características do contexto	49
3. Oferta educativa do Centro	49
Ensinanza presencial	49
Ensinanza semipresencial e a distancia, ESO e FP	49
Bacharelato semipresencial e a distancia para persoas adultas	49
Proxecto bilingüe	50
Aula Mentor	50
4. Principios nos que se basea o plan de orientación	50
5. Estratexias de intervención preferentes	50
6. Obxectivos, actuacións e temporalización por sectores	51
En relación á colaboración co equipo directivo	51
En relación co profesorado e titores/as	52
En relación co alumnado	52
En relación coas familias	53
II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)	54
Accións - temporalización para a implementación do PAT	54
III. COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PLANS	55
Criterios de avaliación	55
ANEXO 1 - ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ALUMNADO DE CICLOS.	56

▪ Plan de Orientación Académica e Profesional. Curso 2011-2012

1. Lexislación básica

Normativa que regula a orientación

Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia DOG (27-4-98)

Orde do 24 de xullo de 1998, DOG (31-7-98), pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/98

Circulares 17/2006, 18/2007, 9/2009 e 10/2010 da Consellería de Educación de comezo dos cursos académicos (2006-07, 2007-08, 2008-09 e curso 2010-11), para unificar as actuacións dos servizos de orientación, concretamente dos Departamentos de Orientación dos Institutos de Educación Secundaria e de ensinanza de persoas adultas.

Funcións prioritarias encomendadas

Segundo as normativas citadas os *departamentos de orientación* dos centros educativos *prestarán especial atención ás seguintes funcións* (inclúense so as que afectan a este centro polas súas especiais características).

Funcións xerais

Avaliación formativa do alumnado, especialmente no caso das necesidades educativas específicas e, dentro do plan de acción tutorial, referida ao desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.

Colaboración e coordinación co profesorado de FOL, FCT e titores no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando sobre o sistema educativo, accións de acollida, cambios de centro...

Colaboración nos programas específicos do Proxecto Educativo do centro tales como Plan de Convivencia, Plan de dinamización da lingua galega, Plan lector, Tics ...)

Relacionadas coa inclusión e a diversidade

Detectar e valorar ao acnee, realizando informes e orientacións pertinentes.

Facilitar información e asesoramento ao profesorado sobre as necesidades e recursos específicos a utilizar co acnee.

Promover entre o profesorado actitudes favorables na atención á diversidade, dentro do currículo e nas dinámicas de aprendizaxe.

Asesorar ao profesorado e alumnado para a superación de problemas específicos (hiperactividade, problemas de aprendizaxe, desmotivación, etc.) sobre todo nos ciclos de FP.

Asesorar á comunidade educativa e colaborar nas medidas especiais de atención á diversidade: Adaptacións Curriculares (ACI), recursos especiais de acceso ao currículo e aos exames para acnee.

Dinamizar a utilización de tódolos recursos dispoñibles que favorezan a positiva integración escolar e social de alumnos/as afectados por problemas persoais e sociais.

Colaborar na resolución de conflitos e mediar en problemas de integración social e escolar.

Relacionadas co PAT e educación en valores

Colaborar no deseño de protocolos de avaliación inicial do alumnado.

Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT

Asesorar a toda a comunidade educativa sobre o sistema educativo e os procedementos relacionados coa matrícula, cambio de centro, promoción e acceso a outros tipos de formación.

Intervención directa co alumnado con problemas cognitivo-afectivos.

Deseñar e poñer en práctica programas e actividades destinados a promover a convivencia, a resolución pacífica de conflitos e a formación integral e en valores do alumnado.

Relacionados coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais

Orientar a alumnos/as sobre a elección de optativas, promoción nos estudos, novas posibilidades formativas, saídas profesionais e laborais...

Informar sobre Becas e axudas e recursos dispoñibles para os diferentes tipos de formación.

Apoiar o proceso de ensinanza – aprendizaxe con asesoramento permanente.

Outras accións que xurdan na dinámica de procesos co alumnado.

2. Análise e características do contexto

A área de influencia do centro esténdese a toda Galicia polas singulares características dos tipos de ensinanza impartidos.

Os estudantes son en xeral persoas que abandonaron os estudos sen titular e deciden retomalos para adquirir titulación básica, ou para promocionar profesionalmente. Polo que o asesoramento persoal sobre os procesos de aprendizaxe é promoción nos estudos, son aspectos moi demandados.

Outro factor a reforzar é a motivación do alumnado para evitar o abandono dos estudos en que se matriculan.

3. Oferta educativa do Centro

Ensinanza presencial

Impártense os ciclos de grao medio e de grao superior da Familia de Informática tanto ordinarios como modulares, para persoas adultas.

Ensinanza semipresencial e a distancia, ESO e FP

ESA, nivel III. Ofrece os catro módulos que compoñen este nivel e que funciona por cuatrimestres. A maioría inscríbense dende os Concellos e Asociacións, que lles facilitan apoio ás persoas adultas. A procedencia do alumnado é da provincia da Coruña e de Pontevedra.

O ciclo de ASIR a distancia implántase no presente curso polo que será un reto importante da formación en este centro

Bacharelato semipresencial e a distancia para persoas adultas

Oferta as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais

A maioría do alumnado procede das provincias da Coruña e Pontevedra pero acolle persoas de toda a Comunidade Galega. Incluídos os centros penais.

O nivel socioeconómico e laboral do alumnado maioritariamente é de procedencia medio baixa pois son persoas adultas en busca de mellora da súa formación académica co fin de promocionarse profesionalmente.

Proxecto bilingüe

Participamos no proxecto bilingüe nas ensinanzas de ciclo superior para facilitar ao alumnado a aprendizaxe de linguas estranxeiras que logo se coordina co programa Erasmus na FCT.

Este curso implántase o ensino bilingüe en portugués no SMR.

Proxectos de fomento do hábito lector e o de igualdade entre homes e mulleres, son dinamizados dende todas as materias e medios docentes e formativos xerados no centro.

Aula Mentor

O centro dispón aula Mentor de formación on-line.

4. Principios nos que se basea o plan de orientación

- Principio de atención á diversidade. Neste senso debemos subliñar a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais (acnee), cuxa atención integral contéplase no presente Plan de Orientación.
- Potenciar a autonomía e auto-orientación, utilizando recursos, estratexias e habilidades que favorezan unha adecuada toma de decisións do alumnado.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias prácticas necesarias para a positiva integración laboral e social.
- Seguir as directrices da CCP e estar integrado no Proxecto Educativo do Centro, coa implicación dos principais axentes da Acción Educativa. Será aprobado polo claustro, executado en forma compartida co profesorado e afectará a todo o alumnado.
- Avaliación da adecuación e realización dos obxectivos e actividades previstos.

5. Estratexias de intervención preferentes

17. Facilitar información e orientación persoal ao alumnado presencial (ciclos de FP e aos asistentes as titorías de orientación).
18. Poner a disposición da comunidade educativa a información pertinente relacionado con recursos e posibilidades educativas e profesionais de interese para o alumnado do centro.
19. Facilitar a información e documentos formativos a través dos diferentes medios de comunicación dispoñibles no centro (AV, teléfono, persoalmente)

20. Atender puntualmente as demandas de orientación de tódalas persoas da comunidade educativa a través das tics e persoalmente.
21. Creación de documentos oportunos, resúmenes informativos, organización e planificación de actividades formativas ...

6. Obxectivos, actuacións e temporalización por sectores

En relación á colaboración co equipo directivo

- Contribuír á realización da análise das necesidades educativas do alumnado do Centro para a implementación de accións de mellora.
- Colaborar na atención ao alumnado dende a plataforma virtual e de forma persoal.
- Colaborar na adaptación progresiva do Proxecto Educativo, favorecendo o tratamento dos temas transversais, aportacións ao plan de convivencia e o seu seguimento, fomento do hábito lector, potenciar o uso das Tics, co proxecto lingüístico...
- Promover en xeral dinámicas pedagóxicas simplificadoras e funcionais dos contidos educativos, sobre todo na ESA.

Actuacións en relación co apoio ao Equipo Directivo(ED)	Temporalización./Implicados
-Colaborar nos aspectos pedagóxicos e didácticos da docencia, o uso das Tics, tratamento dos contidos transversais, plan de convivencia ...	1º trimestre/Equipo directivo orientadora e profesorado en xeral
-Selección do alumnado cnee, recollida de datos, valoración de necesidades e prever actuacións e recursos específicos.	1º trimestre / ED, orientadora, titores ...
-Continuar o proceso de titorización do alumnado de ESA, para a dinamización e seguimento do seu proceso de estudo, coa finalidade de minorar o abandono dos estudos	Todo o curso/ Titores Orientadora e profesorado
-Colaborar nas xestións, asesoramento, posta en marcha e seguimento de proxectos de interese formativo.	Prazos de convocatorias / ED, orientadora e profesorado implicado
-Selección e xestión de recursos de orientación, asesoramento e recompilación de información en temas de interese pedagóxico e formativo.	Todo o curso/ Orientadora e ED

En relación co profesorado e titores/as

- Asesorar e colaborar na función titorial do alumnado presencial, semipresencial e de distancia.
- Contribuír ao desenvolvemento do PAT e das actividades previstas dende o DO.
- Aportar información da avaliación psicopedagóxica das características e necesidades educativas e persoais de acnee, colaborando na organización e tratamento flexible da diversidade.
- Prestar atención individualizada ás demandas de asesoramento e apoio do profesorado.
- Contribuír á introdución de metodoloxías didácticas innovadoras.
- Solicitar a súa colaboración nas actividades promovidas polo departamento.

Actuacións	Temporalización / implicados
-Presentación do POA/P e do PAT e actividades	Principio de curso / Orientadora e profesorado
-Colaborar nas actividades a desenvolver no PAT	Durante todo o curso / Orientadora e titores
-Reunións de coordinación con profesorado e titores/as, convocadas polo Xefe de Estudos (XE)	Ao longo do curso / XE, Orientadora, profesorado
-Apoiar ao profesorado en aspectos didácticos e outros	Ao longo do curso / Orientadora e profesores/as
-Atender as demandas do profesorado de axuda a acnee	Ao longo do curso / Profesorado, Orientadora
-Colaborar na organización de actividades dos departamentos.	Ao longo do curso / Profesorado, Orientadora

En relación co alumnado

3. Facilitar orientación educativa e titorial a todos, pero de modo especial ao alumnado de ESA que non recibe apoio en ningún centro ou obradoiro.
4. Proporcionar orientación académica e profesional cara o mundo laboral e saídas académicas ás que poden optar ao remata-los estudos, facilitando a elaboración de itinerarios formativos personalizados de acordo cos diferentes niveis educativos, así como fomento da cultura emprendedora.
5. Facilitar orientación nas titorías presenciais e a través da Plataforma Educativa (PE) sobre temas referidos a técnicas de estudo, aprender a aprender, itinerarios formativos, bolsas e axudas ao estudo, convocatorias e outros temas de interese para o alumnado.
6. Colaborar na planificación de reforzo pedagóxico, ACIs para acnee e recursos específicos, se procede.
7. Organizar e apoiar a realización de actividades pedagóxicas complementarias que favorezan a formación integral do alumnado (Ver anexo de actividades).
8. Atender ás demandas individuais e colectivas do alumnado.
9. Apoio ao alumnado dende o D. Orientación nas utilidades e uso das TICs.

Actuacións co alumnado nos diferentes niveis educativos	Temporalización/implicados
-Revisar a relación e informes do novo alumnado de ESA para detectar acnee	1º Trimestre / Orientadora
-Atender demandas e facilitar información e formación periódica, a través da AV e persoalmente, sobre diferentes aspectos do proceso orientador	Todo o curso/ Orientadora
-Valoración, elaboración de informes e orientacións pertinentes a acnee e profes	Todo o curso/ Orientadora
-Facilitar materiais informativos e de orientación ao alumnado mediante diferentes recursos comunicativos do centro (uso das Tics, teléfono, entrevistas e reunións presenciais), de forma grupal e personalizada.	Ao longo de todo o curso/ Orientadora, coa colaboración do resto do profesorado
-Organizar e promover a participación do alumnado en actividades de formación- orientación referidas a temas diversos e á orientación académica e profesional.	Ao longo de todo o curso/ Orientadora e alumnado, coordinado cos titores

En relación coas familias

Por ser este un centro de adultos a relación coas familias queda moi reducida, pero sempre estamos dispostos a prestar asesoramento e orientación ás familias sobre aspectos educativos, de estudos e profesional que demanden.

Teremos unha relación especial de apoio ás familias de ACNEE.

▪ Plan de acción tutorial (PAT)

Por ser este un centro de adultos a formación que se facilite será adaptada ás necesidades e intereses do alumnado, e consistirá nun acompañamento que favoreza a auto-orientación, a mellora da formación persoal, a orientación académica e laboral, e manteña o seu interese polo estudo.

Accións - temporalización para a implementación do PAT

Temas a tratar	Actuacións	Niveis	Temporalización
Acollida de alumnos e alumnas Uso e utilidades da PE	Asesoramento e apoio xeral Sesións presenciais, individuais	Todos ESA, Bac e CM	1º cuadrimestre Todo o curso
Avaliación inicial Detección de acnee.	Revisión e detección de ACNEE Realizar adaptacións necesarias	ESA, CM1, BAC	Setembro, outubro novembro ...
Asesoramento, e colaboración no proceso de ensino- aprendizaxe (E/A)	Facilitar apoio ao profesorado e titores segundo demanda Asesoramento ao alumn de SMR	Todos os niveis	Todo o curso
Plan de actividades específicas -anexos	Informar das actividades do PAT	Comun. educat.	1º trimestre
O estudo: hábitos de estudo, o procesamento da información e organización do tempo de estudo...	Sesións de tutorías presenciais Orientacións a través da PE Orientacións persoais	CM ESA e BAC	1º Tr e ao longo de todo o curso
Temas transversais. Actividades complementarias Dirixidas preferentemente ao alumnado de Ciclos de FP	Organizar seminarios, Ed Viaria, Prev. Drogodp. Sexualidade, Habilidade sociais. Prevención. riscos laborais. Fomento cultura emprendedora Visita viveiro empresas	Ciclos, preferentemente	1º e 2º trimestres
Orientación académica e profesional O proceso de elaboración do propio currículo formativo e profesional	Informar ao alumnado sobre itinerarios formativos e profesionais nos diferentes niveis Asesoramento sobre as PAU	Todos	2º e 3º Trimestres
Informar das probas e convocatorias de interese formativo e de valor para o alumnado	Poñer a disposición do alumnado a información actualizada sobre convocatorias de interese	Todos	Todo o curso
A busca de emprego	Facilitar información sobre o proceso de busca de emprego, información sobre autoemprego...	ESA, Bac e Ciclos	2º e 3º Trimestres

▪ **Coordinación, seguimiento e avaliación dos plans**

Criterios de avaliación

Grao de consecución dos obxectivos de cada ámbito de actuación

Adaptación das actividades e dos prazos de aplicación aos diferentes niveis

Nivel de implicación do profesorado e do equipo directivo

**Anexo 1 - Actividades previstas para o alumnado de Ciclos.
Curso2011-2012**

Grupos	Actividade/ Colaboracións	Lugar/acompañantes	Data /Hora
CMR1, ASIR 1, DAI 1	Lesión medular espinal / ASLEME	Salón de Actos 11-12 h / 12-13h	24 -11- 2011 2 sesións
CS2 grupos de mañá	Visita Viveiro de empresas	Pol. costa Vella 12 a 14 h	29 – 11 - 2011
CS2 grupos de tarde	Visita viveiro de empresas	Pol. Costa Vella 17 a 19 h	30 – 11 - 2011
CMR1 e 1CS 3 grupos	Sexualidade / Quérote 2 sesións	Salón de Actos/	1º Trimestre
CMR 1	Habilidades .Sociais e prevención drogas / UMAD	Aula	1º Tr
CS2	Visita Viveiro de empresas	Pol. costa Vella	1º Tr
SMR 2, CS 2 Ordinario e Modular	Seminario: Fomento da cultura empresarial // IGAPE	Salón de Actos/ 2 sesións 12-14 h e 18 – 20 h	2º Tr
CS 1	Prevención de riscos laborais A función sindical na empresa Actuación en primeiros auxilios/ Colabora: UGT – Galicia e C Vermella	Salón de Actos	2º Trimestre?
CS 2, SMR2 e 2BAC	Orientación A/P – Orientadora USC/ Escola superior de Enxeñaría	Salón de Actos	2º Tr
CS1 e CS2	Orientación A/P –Orientadora	Aulas	2ª e 3ª semanas de febreiro
Todo o alumnado	Orientacións individual Segundo demanda e nas aulas	Aulas/ Orientadora	Ao longo do curso

(*)Facilitaremos a organización doutras actividades que xurdan ao longo do curso e se consideren de interese para o alumnado.

Sempre se levarán a cabo as actividades coa autorización da dirección e a coordinación co profesorado implicado.

Anexo 2 – Semana de Orientación

Semana de Orientación datas... *			
Data/Lugar	Grupos	Actividades / Colaboradores	Horario
Centro	2º DAI e ASI	A Universidade e titulacións da USC.	
	2º BAC	As enxeñarías e outras carreiras	
	2º BAC	A FP en xeral. Ciclos ordinarios e Modulares	
		Colaboran: Profesores da USC Profesores de FPE, alumnos FP-USC Orientadora	
Centro	3º e 4º ESA	Ciclos de grao medio	
		Bacharelato e a súa relación coas carreiras universitarias e cos ciclos de grao superior	
		Orientadora e alumno/a de Ciclo Medio	
		Acompañantes: Profesorado e Orientadora	
Centro	2º ASI 2º DAI, 2º BAC	Seminario: <u>A difusión da cultura emprendedora</u> Colaboran: BIC Galicia - IGAPE	
	2º ASI, 2º DAI, CM2 e 2º BAC	Alumno/a emprendedor/a Orientadora	

*As datas e matización de actividades deste programa serán axustadas segundo as posibilidades dos participantes

PLAN DE IGUALDADE

“A invisibilidade, sobre todo cando é creada, sempre é o elemento previo á negación. As cousas non se invisibilizan para non velas simplemente, senón fundamentalmente para logo negalas; e cando se negan non existiron, e cando non existiron non fai falta adoptar medidas que vingan a cambialas.”

Miguel Lorente.

Proxecto de Plan de Igualdade IES San Clemente

Curso 2011-2012

Racismo sexismo idadeismo discapacidade estética nacionalidade, ideoloxía ou relixión

INTRODUCCIÓN

Partindo da premisa da necesidade da igualdade entre mulleres e homes e da normativa en vigor, centraremos o traballo na Educación porque para chegar a comprender o proceso da desigualdade entre os dous sexos (xéneros), teremos que reflexionar sobre a metodoloxía empregada, sobre os contidos a transmitir ao alumnado e sobre as actitudes amosadas diante de determinadas situacións que se viven a cotío.

Ao ser o noso IES singular, pola súa virtualidade, o proceso a realizar ten que ser tamén peculiar: non poderemos partir dunha metodoloxía que requira a presencialidade, pero si podemos valernos das TICs. A proposta do Plan de Igualdade contempla os seguintes

OBXECTIVOS

- Tentar de reflexionar e concienciar á comunidade educativa en xeral e ao noso alumnado en particular da necesidade de formar persoas partindo da igualdade, para lograr ter un futuro máis democrático e equitativo.
- Corrixir a linguaxe sexista que se utiliza moitas veces de modo xenérico.
- Adaptar os currículos evitando o masculino como xenérico e facendo visible o feminino.
- Promover entre o alumnado a toma de conciencia da desigualdade real entre homes e mulleres, en relación coa repartición de tarefas e a asunción de responsabilidades.
- Facilitar ao profesorado o desenvolvemento de ferramentas pedagóxicas.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre temáticas de muller, fomentando a participación dos homes.

- Identificar condutas inapropiadas dos homes cara ás mulleres, que pasan pola utilización de palabras ou actitudes que prexudican a igualdade de tratamento
- Incentivar a cooperación e colaboración de mulleres e homes para o fomento da aprendizaxe mutua e consecución de obxectivos comúns
- Exemplificar e reflexionar sobre a igualdade de capacidades e dereitos de homes e mulleres.
- Distinguir entre conceptos coma “sexo” e “xénero” para relativizar as diferencias entre homes e mulleres.
- Facer fincapé na sobrecarga das mulleres nas tarefas do fogar, como tripla xornada, e fomentar o reparto equitativo, a coparticipación, das mesmas.
- Identificar profesións/roles asociados tradicionalmente ao xénero e fomentar a ruptura de roles esteriotipados.
- Dar a coñecer a problemática da violencia de xénero, identificando as súas características xerais e incentivando ao seu rexeitamento
- Educar na igualdade de xénero.
- Tomar conciencia das nosas identidades.
- Xenerar un pensamento crítico en relación á sociedade contemporánea.
- Comprender o concepto e o sentido da educación na igualdade de xéneros nos centros educativos de educación primaria y secundaria.
- Analizar a coeducación desde un punto de vista sincrónico y diacrónico.
- Adquirir as ferramentas necesarias para realizar unha análises coeducativa dos centros de ensinanza.
- Propor modelos de educación igualitaria.
- Propiciar a lectura coeducativa. Analizar o uso da linguaxe nos contextos educativos, desde unha perspectiva de xénero, proponendo estratexias para a súa mellora.
- Entender a necesidade de crear centros escolares coeducativos.

Aínda que pareza moi ambicioso a proposta de obxectivos, coido que se colaboramos todas e todos no proxecto, sería moito máis doado de conseguir.

MEDIDAS A DESENVOLVER

- Na **Páxina Web: obradoiro de Igualdade** no que se tentará de facilitar **recursos** para acadar os obxectivos propostos.
- Elaboración de **materiais curriculares ad hoc**, e dun “protocolo” onde se reflectan as normas que protexen e amparan os dereitos individuais, con independencia da idade, inclinación sexual, etc.
- Facer **alusións específicas** nos días sinalados, o 25 de Novembro, o 8 de Marzo e algúns outros, desde a dirección, desde o obradoiro e mesmo desde o traballo neses días, e desde as distintas materias.
- Procurar saír ao paso de **actitudes ou comportamentos** amparados na familiaridade ou confianza de trato, chistes, gabanzas, tratos vexatorios ou tratamentos diferenciadores.
- No ámbito **externo**, tentaremos de **traballar con aqueles obradoiros que o soliciten**, dos Concellos que colaboran co IES, a modo de talleres de traballo con diversas temáticas de reflexión sobre a Igualdade.

Dada a singularidade do IES San Clemente, a nosa comunicación faise fundamentalmente a través da escrita e o coidado debe ser prioritario na mesma; a máis a presenza de moitos traballos e estudos sobre a utilización dunha linguaxe non sexista na rede é grande e poderemos utilizala para, paseniñamente, ir erradicando o lastre que significa a invisibilidade dun sector cada vez máis numeroso nas aulas e na utilización das TICs.

Desde a perspectiva dun centro educativo, as Tecnoloxías da Información e Comunicación proporcionan cohesión a todos os proxectos do centro, e máis nun centro coma este que se nutre case en exclusiva das novas tecnoloxías. **As TICs deben integrar nunha mirada común (pero diversa) as actividades e experiencias que calquera membro da comunidade educativa realice.**

Para iso as TIC no noso centro ofrecen dúas grandes ferramentas de visibilización:

O Obradoiro de Igualdade: unha bitácora que pretende ser un punto de encontro para reflexionar sobre a igualdade e a coeducación, para mostrar as actividades coeducativas que se vaian producindo no noso centro, para visibilizar iniciativas e para relacionarnos con outras persoas.

Partindo de que desde o obradoiro se pretende a reflexión, debería ter unha estrutura máis dinámica, para poder intervir na mesma e, incluso, tentar de buscar “solucións” a cuestións prácticas e cotiás referidas á igualdade, como pode ser o tema da linguaxe non sexista, de actitudes que procuren a igualdade e a relación paritaria entre as persoas.

Bótase de menos pola miña parte, a colaboración directa das persoas que entran no obradoiro e a planificación dalgunha actividade que se podería facer a modo de ensaio, co alumnado presencial dos ciclos.

A propia plataforma educativa: que se vai construíndo como a biblioteca de actividades e de material multimedia: como unha memoria colectiva do noso labor cotián.

Como di M. Castells ***“non hai salvación fóra de Internet, porque é a base do novo sistema produtivo, a partir da súa produción, distribución e xestión”***



PLAN T.I.C.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

ÍNDICE

1. Estudo inicial do centro referido ás características de toda a súa comunidade educativa. 64
2. Obxectivos do Plan. 66
3. Estratexias de coordinación. 67
4. Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto. 68
5. Fomento dos valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais. 69
6. Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe. 70

1. ESTUDIO INICIAL DO CENTRO REFERIDO ÁS CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Os datos referidos á Comunidade Educativa xa se recollen na Programación Xeral do Curso 2011-12, da que forma parte este Plan de Dinamización das TICs.

Non se pode concebir o Plan de Integración das TICs neste Centro como un elemento aillado ou complementario, posto que son parte esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe en calquera das ensinanzas da nosa oferta educativa. Sen as novas tecnoloxías non poderíamos acadar os obxectivos que cada curso nos propoñemos para un alumnado a distancia de Informática do Bacharelato ou da ESA, espallado por toda a Comunidade Autónoma, e aínda menos para o alumnado de ciclos formativos onde as novas tecnoloxías son parte fundamental do seu currículo. Este curso somos o único Centro pioneiro en Galicia que impartimos dous grupos de 60 alumnos cada un, da ensinanza a distancia de Informática para alumnado adulto do primeiro curso do ciclo superior A.S.I.R. (Administración de Sistemas Informáticos en Rede) sendo a primeira vez que se imparte en Galicia este tipo de ensinanzas.

Perfil dos usuarios das TIC na nosa comunidade educativa.

No Centro contamos con diferentes tipos de usuarios de TICs:

Alumnado

- **Alumnado a Distancia:** de Informática, Bacharelato e de Educación Secundaria de Adultos. Dispón da Plataforma Educativa a Distancia co material para o proceso de ensino aprendizaxe, medio de comunicación permanente profesor-alumno. Conta con ferramentas como: guías electrónicas, descarga de ficheiros, correo electrónico, novas, foros, chat, preguntas mais frecuentes ou faqs, cualificacións, etc. Dispón tamén de computadores na entrada do instituto, biblioteca, e aulas dotadas con tecnoloxía punta. O número de usuarios é de 3.127 alumnos e alumnas (con matrícula aínda aberta).
- **Alumnado de Informática:** de Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, Ciclos Superiores de ASIR, DAM e DAW nas modalidades ordinario e modular. Dispón da Plataforma Educativa de Ciclos de Informática (permitindo acceso remoto), co material para o proceso de ensino aprendizaxe, medio de comunicación permanente profesor-alumno. Conta con ferramentas como descarga de ficheiros, correo electrónico, noticias, foros, cualificacións, entrega de traballos, etc. Dispón, tamén, dun computador por alumno con ferramentas de desenvolvemento adecuadas e cartafol persoal de almacenamento. Nas aulas presenciais gozan de canón de proxección e computador do

profesor e de computadores na entrada do instituto, biblioteca, etc. Tamén dispón de Robots Lego para a iniciación á programación. O número de usuarios é de 426 alumno/as. O alumnado de informática adulto do ciclo superior A.S.I.R. (Administración de Sistemas Informáticos en Rede) a distancia de primeiro curso utiliza para este tipo de ensinanzas a plataforma Moodle “Platega” (Plataforma de Teleformación Galega) da Consellería de Educación, sendo un dos nosos obxectivos que este tipo de ensinanzas se desenvolvesen utilizando a plataforma educativa do IES San Clemente (é unha versión máis avanzada que Platega) xa que a velocidade de Internet que temos é fibra óptica de varios Gigas tralo acordo achegado co CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia). O número de usuarios é de 121 alumno/as.

Profesorado

- Profesorado de Ensino a Distancia (Bacharelato e ESA): Dispón da Plataforma Educativa a Distancia, que permite o uso dende fóra do instituto. Nos departamentos dispón de computadores persoais con programas de ofimática, escáneres e impresoras. Nas aulas presenciais dispón de computador, impresora, canon de proxección, lousa electrónica, etc. Número de usuarios referido o presente curso, 36 profesores.
- Profesorado de Ciclos de Informática: Dispón da Plataforma Educativa para os Ciclos de Informática. No departamento dispón de computadores persoais, escáneres, impresoras e do software de desenvolvemento e de ofimática adecuado aos ciclos. Nas aulas presenciais dispón de computador, impresora, canón de proxección, etc. Número de usuarios referido o presente curso, 30 profesores. Os seis profesores de informática imparten os módulos do ciclo superior A.S.I.R. (Administración de Sistemas Informáticos en Rede) a distancia están debidamente acreditados despois de realizar os tres cursos esixidos para poder impartir este tipo de ensinanzas.

Aula MENTOR

- Dotada coa última tecnoloxía tanto para os administradores coma para o alumnado. Número de usuarios na actualidade: 79 (matrícula aberta).

Persoal de administración e servizos

- Persoal de administración: Dispón de computadores persoais, impresoras, software de ofimática, etc. Número de usuarios no presente curso 6.
- Persoal servizos: Dispón de computadores persoais, impresoras, software de ofimática, etc. Número de usuarios no presente curso é de 4.

Do que se desprende que a previsión de usuarios para este curso, unha vez iniciado o segundo cuadrimestre, superará os 5.500.

2. OBXECTIVOS DO PLAN.

- Converter o uso das TIC na docencia nun elemento diferenciador do IES San Clemente.
- Fomentar e potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinoaprendizaxe.
- Favorecer o acceso a estas ferramentas por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet na procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Desenvolver actitudes positivas e lograr a motivación do profesorado para asumir novos retos tecnolóxicos.
- Crear ferramentas que faciliten o traballo e apoio do profesorado e o alumnado.
- Impulsar a comunicación con outros centros, concellos, centros penitenciarios, etc.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina Web, actividades formativas e culturais, etc.
- Aproveitar o uso intensivo dos recursos informáticos facilitando novas formas de ensinanza como a tele-formación e a tele-asistencia.
- Potenciar a integración das TIC e o multilingüismo.
- Potenciar a integración das TIC e a internacionalidade a través de Erasmus, Comenius, eTwinning... lembrando que no departamento de informática un profesor leva a Embaixada eTwinning Galicia.
- Converternos en centro de referencia no uso pedagóxico das TIC, de xeito que poidamos facilitar este proceso de cambio a outros centros do noso entorno, a través do asesoramento, desenvolvemento de cursos de formación, etc.

MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

As medidas para difundir o proxecto a nosa comunidade, deben abarcar tódolos sectores de difusión o noso alcance:

- Compartir con todo o profesorado, mediante os órganos de coordinación docente, os resultados das experiencias realizadas na aula.
- Información, formación e asesoramento informático a toda a comunidade educativa.
- Potenciar a utilización das aulas virtuais entre os membros da comunidade educativa.
- Estimular ao profesorado na creación de contidos virtuais, gravación de clases, etc.
- Ofrecer cursos virtuais gratuítos e abertos, empregando como base as plataformas educativas, dirixidos á totalidade da comunidade educativa e mesmo a sociedade en xeral.
- Consolidar e seguir a desenvolver a San Clemente TV e consolidar EDUCARADIO.
- Desenvolver unha actitude favorable de cara a esta forma de traballo que rompa a lóxica inseguridade inicial do profesorado de nova incorporación.
- Estimular bidireccionalmente ao profesorado e ao alumnado en todas as accións de implantación da teleformación.
- Potenciar a obtención de emprego por parte do noso alumnado, xa sexa da especialidade presencial ou a distancia.
- Motivar ao profesorado en todas as accións de implantación deste plan.

Na Programación Xeral do presente curso e da que forma parte este Plan, xa figuran as accións formativas que, en relación coas TICs, se van a levar cabo tanto co profesorado coma co alumnado.

▪ 3. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO.

A coordinación do profesorado de cara á consecución dos obxectivos deste plan está a cargo do Xefe do Departamento de Informática D. Emiliano Gómez Vázquez, dinamizador TIC quen, a súa vez, traballará en contacto permanente cos Administradores da rede e do CECASACLE, Profs. Blanco, Carrión e Veiga que traballarán conxuntamente con todo o profesorado que ten ao seu cargo tarefas de mantemento e posta ao día, permanente, das tecnoloxías do centro. Este “Equipo” deseñará trimestralmente o Plan de actividades formativas do profesorado e o Plan de actualización e posta ao día permanente das infraestruturas informáticas. Ensinanzas bilingües de informática, este ano incorporamos ás xa existentes de inglés unha de portugués.

▪ 4. UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN BENEFICIO DO PROXECTO.

O IES San Clemente dispón da seguinte infraestrutura informática:

Servidores:

Cóntase cun CPD, denominado Cecasacle, nel está o núcleo do sistema informático do IES San Clemente. Centraliza tódolos servizos e toda a electrónica de rede.

Conviven servidores de MS Windows e GNU/Linux que ofrecen os seguintes servizos:

Servidor de usuarios, dominios, impresoras, arquivos, DNS, DHCP.

Servidores WEB, FTP, Bases de Datos (MySQL, Postgress e SQL Server), Máquinas Virtuais (servidor XEN), Moodle, Wiki, ISP para dominios.local do alumnado e profesorado, Hotspot, Streaming video-audio, VoIP, mirror Linux Ubuntu, Jabber, etc.

Servidores virtualizados con Citrix.

Tecnoloxía nas aulas:

O centro conta con 5 aulas de informática totalmente virtualizadas e con conexión Internet con fibra óptica de alta velocidade a través do Cesga, para o alumnado de ciclos formativos. Cada aula dispón de 31 ordenadores. A maiores existe un taller de mantemento onde o alumnado realiza prácticas de montaxe de equipos; nesta aula ten unha dotación de preto de 70 ordenadores. As demais aulas están completamente equipadas dende o punto de vista tecnolóxico e todas elas están conectadas ó CPD.

Este curso dispoñemos dun aula de 50 equipos portátiles con rápidos procesadores I5 para as clases prácticas: titorías presenciais do alumnado de informática adulto do ciclo superior A.S.I.R. (Administración de Sistemas Informáticos en Rede) a distancia de primeiro curso. Estes equipos están integrados na rede do centro e dispoñen do mesmo software que o resto e todo o software necesario para impartir todos os módulos deste ciclo, contando con portos USB3 de rápido acceso a discos extraíbles para utilización de máquinas virtuais.

Os seminarios do profesorado e os despachos administrativos e de dirección dispoñen de ordenadores para cada un dos profesores ou dos PAS.

Toda estación de traballo, e os portátiles, dispoñen de arranque dual (MS Windows 7 / Ubuntu 11.1). Os dous sistemas operativos están introducidos no dominio do IES, o que permite a mobilidade do usuario, pois os seus logins, passwords e datos persoais residen nos servidores do CPD. En ámbolos dous sistemas operativos hai instaladas aplicacións ofimáticas nas derradeiras

versións, de audio/vídeo, programación, bases de datos, navegadores, editores de html, gravadores de CD-ROM, etc.

A suma total de dotación do centro en equipos informáticos ascende a 276 equipos fixos e 98 portátiles.

Tódolos ordenadores do IES contan con arranque dual Windows 7 e Linux potenciando a utilización da suite ofimática Libre Office e contando tamén con licencias do Ms. Office 2010.

▪ 5. FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS, TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO E MEDIDAS PARA PROMOVER O ACCESO ÁS TICs EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE POR PARTE DE PERSOAS DOS DOUS SEXOS E DE DIFERENTES CONDICIÓNS SOCIAIS.

A educación ten implicacións directas na posibilidade de exercer os dereitos e sentar as bases nas que se cimentan os valores democráticos, de xustiza social e de igualdade en tódolos ámbitos. As TICs non deben ser alleas a posibilidade de promover mediante o seu uso estes valores.

O proceso educativo pode verse fortalecido mediante a utilización axeitada dos avances tecnolóxicos, a través de contornos de aprendizaxe formal e non formal que unha ferramenta como pode ser a Internet facilitan. Sen embargo, é importante destacar que a formación non pode limitarse ó acceso á información e coñecementos, senón que é preciso que se teñan en conta a formación para a inclusión na sociedade e a formación de cidadáns. Por eso coidaranse a calidade do material que se difunda evitando os contidos inadecuados, que poidan ir contra os valores de igualdade en tódolos ámbitos: raza, sexo, idade, orixe, crenzas, etc.

O crecente uso das TIC na educación presenta unha tendencia irreversible para a formación dos futuros profesionais. A formación do alumnado non se debe limitar á simple adquisición de coñecementos senón que se baseará en dous pilares “aprender a aprender” e “aprender a convivir”.

A aprendizaxe e o uso das TIC supón así mesmo unha forma de evitar a propia discriminación e exclusión da persoa. O uso dos novos adiantos tecnolóxicos e a capacidade de acceso á información, á que cada vez se accede máis por estes medios, vai contribuír a que o alumnado estea mellor preparado e polo tanto en condicións de evitar a súa propia discriminación á hora de incorporarse ao traballo. O coñecemento das novas tecnoloxías vaise facer cada vez máis imprescindible de cara á integración social, laboral, etc.

Outro medio que fomenta os valores democráticos é o uso das WIKI, empregadas no centro na ensinanza presencial a través da ferramenta de teleformación, onde os alumnos documentan unha serie de conceptos e

procedementos baseándose nos seus coñecementos e nas súas experiencias, sendo estes conceptos accesibles para tódolos seus compañeiros. Estas dúas ferramentas potencian tamén a igualdade de xénero, onde se teñen en consideración e se respectan as opinións dos foros e as aportacións das Wikis independentemente do sexo do relator. As TIC serven de apoio, reforzo, complemento e ampliación das exposicións do profesorado, podendo empregar ferramentas de reforzo na realización de actividades lectoescritoras, así como módulos e software educativos (jclíc, moodle, hot potatoes, webquest...)

O uso das TIC tamén ten un impacto importante co alumnado con necesidades educativas especiais, pois a través das Ferramentas de Teleformación o alumnado ten acceso ós materiais da aula a pesar das dificultades que teña tanto visuais como auditivas ou a agudeza e rapidez na toma de apuntamentos.

A potenciación da utilización de software libre pode contribuír a moitos destes obxectivos, fomentando os valores de cooperación e participación, facéndolles ver ós alumnos a importancia que ten o colaborar nunha comunidade multitudinaria e transnacional como é a de persoas que participan na creación de software libre, que poden usar, e na que tamén poden participar. Facendo ver que o traballo e coñecemento colectivo son un medio para o desenvolvemento económico, social e político da sociedade. Pero á vez que se fomenta o uso do software libre, hai que facer comprender a importancia de respectar a propiedade intelectual sobre o software con dereitos de autor evitando a piratería de software e o uso de licencias *copyleft* e *creative commons*. Xa que sendo dúas filosofías de creación de software diferentes, deben ser igualmente respectadas.

▪ 6. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA PARA A OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E PARA A APRENDIZAXE.

O IES San Clemente pon a disposición da comunidade educativa unha biblioteca cun catálogo que conta con máis de 6.000 exemplares. Para a súa xestión, e dentro do marco do plan lector do centro (medidas que articulan as distintas intervencións no centro educativo relacionadas coa comprensión lectora e o fomento da lectura), se conta cun equipo formado por profesorado encargado da catalogación, organización e dinamización das actividades que animen ao fomento da lectura e a busca de información.

O centro forma parte do Proxecto Meiga, convenio polo cal as bibliotecas municipais e escolares de Galicia forman unha rede de bibliotecas con características e obxectivos comúns. En base a este convenio, subministrase a tódolos centros que o soliciten un software de xestión bibliotecaria que permite a catalogación dos fondos e a publicación dos mesmos nun portal de Internet. Deste xeito, o noso alumnado pode acceder ao catálogo da biblioteca tanto

dende calquera dos PC da rede interna como dende a súa casa a través de Internet.

A biblioteca, concibida como espazo educativo ao servizo dos procesos de ensino e aprendizaxe, é un centro de recursos da información que pon a disposición da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual, multimedia ou electrónico. Na biblioteca centralízase todo o material informativo que pode empregarse para os traballos escolares e para o tratamento e fomento da lectura (libros, revistas, xornais, discos, vídeos, discos DVD, disco CD-ROM, mapas, fotografías, diapositivas, materiais de produción propia...). A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde, entre os diversos sectores da comunidade escolar, os fondos existentes, para un uso eficaz destes. Presta diversos servizos: lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a Internet...

A biblioteca proporciona información e ideas que son fundamentais para desenvolverse con éxito na sociedade contemporánea, baseada na información e no coñecemento e desenvolve nos alumnos e alumnas competencias para a aprendizaxe ó longo da vida e estimula a imaxinación, facendo posible que cheguen a ser cidadáns responsables.

Lembrando o manifesto da UNESCO para a Biblioteca Escolar /1999 “A biblioteca escolar é un compoñente esencial do proceso educativo”. Entre as funcións da biblioteca do centro, destacan:

- Xestión técnica e divulgación dos fondos.
- Formación de usuarios. “Educación documental”
- Fomento da lectura

A biblioteca ofrece servizos de aprendizaxe, libros e outros recursos, a todos os membros da comunidade educativa para que exerciten o pensamento crítico e utilicen de xeito eficaz a información en calquera soporte e formato.

As bibliotecas están interrelacionadas coa ampla rede de bibliotecas e de información de acordo cos principios do Manifesto da UNESCO sobre a biblioteca pública.

O equipo da biblioteca axuda a utilizar os libros e outros recursos de información, desde as obras de ficción ás obras de referencia, impresas ou electrónicas, presenciais ou remotas. Estes materiais complementan e enriquecen os libros de texto, os materiais docentes e os métodos pedagóxicos.

Está comprobado que cando os bibliotecarios e os profesores traballan en colaboración, o alumnado acada mellores niveis no coñecemento e manexo da lingua escrita, nas súas capacidades para a lectura, a aprendizaxe e a

resolución de problemas, e nas súas habilidades coas tecnoloxías da información e da comunicación.

A nosa biblioteca está considerada como un centro de recursos da información, foco dinamizador, fundamental nas relacións de ensino e aprendizaxe, que pon ao servizo da comunidade educativa os fondos documentais existentes no centro, en soporte impreso, audiovisual ou multimedia. Para conseguir que a biblioteca se converta nun verdadeiro centro de recursos para a obtención da información, fórmulanse os obxectivos seguintes:

- Apoiar os procesos de ensino e aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de recursos e medios.
- Dotar ao alumnado das capacidades básicas para empregar unha gran diversidade de recursos e servizos.
- Fomento da lectura. Estimular o hábito lector e fomentar a utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.
- Foco de difusión cultural. A existencia dunha biblioteca, centro de recursos da información do centro, ben xestionada e dinamizada comporta os beneficios seguintes:
 - facilita a consecución dos obxectivos pedagóxicos.
 - favorece a adquisición do hábito lector.
 - permite o achegamento do alumnado ás tecnoloxías da comunicación e a información en actividades contextualizadas.
 - constitúe un espazo moi axeitado para a aprendizaxe de procedementos en tódalas áreas e etapas.
 - fomenta a convivencia e o traballo cooperativo.
 - axuda a “liberarse” do libro de texto; estimula a innovación educativa.
 - favorece a aprendizaxe autónoma.
 - achega os bens culturais ao alumnado con menor presenza dos mesmos no seu medio familiar e social.

ALBUM FOTOGRÁFICO.

Aula de Informática



Taller de mantenimiento



Otras aulas.



Departamento de Informática



Aula Mentor



Sala do Profesorado

